

ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL CORISTANCO

Aprobación definitiva dos padróns fiscais de taxa do lixo comercial e taxa do lixo vivenda para o exercicio 2024

ANUNCIO

En data 08/04/2024 asinouuse o Decreto de Alcaldía nº 308/2023 derivado do Expediente 2024/G003/000340) de Aprobación definitiva dos padróns fiscais de taxa do lixo comercial e taxa do lixo vivenda para o exercicio 2024, que se transcribe a continuación:

“En data 07/03/2024 asinouuse o Decreto de alcaldía con número 194/2024 de Aprobación de padróns fiscais de Taxa do lixo comercial e Taxa do lixo vivenda para o exercicio 2024.

En data 12/03/2023, no Boletín Oficial da Provincia nº 51, publicouse o antedito Decreto coa advertencia da exposición ao público durante un período de quince días.

Esta publicación e as ligazóns correspondentes estiveron expostas na Sede electrónica municipal.

Durante o prazo de exposición ao público dos padróns municipais presentáronse os seguintes escritos que se consideraron como alegacións a efectos de realizar as oportunas modificacións nas listaxes:

- D. Pablo Couto Brandón en data 06/03/2024 (RE nº 582) en relación ao padrón da taxa por recollida de lixo vivenda.
- D. José Ramón Cancela Villar en data 08/03/2024 (RE nº 626) en relación ao padrón da taxa por recollida de lixo vivenda.
- Dª Carmen Amarelle Gerpe en data 12/03/2024 (RE nº 672) en relación ao padrón da taxa por recollida de lixo vivenda.
- Dª Mercedes Pereiro Carracedo en data 14/03/2024 (RE nº 202490000000304) en relación ao padrón da taxa por recollida de lixo vivenda.
- Dª Teresa María Villar Souto en data 15/03/2024 (RE nº 764) e en data 02/04/2024 (RE nº 202490000000376) en relación ao padrón da taxa por recollida de lixo vivenda.
- D. José Viña Suárez en data 26/03/2024 (RE nº 202499900000331) en relación ao padrón da taxa por recollida de lixo vivenda.
- Dª Vanesa Varela Taveiras en data 04/04/2024 (RE nº 202490000000386) en relación ao padrón da taxa por recollida de lixo vivenda.

Atendidas todas elas, reflíctense as solicitudes nos correspondentes padróns por recollida de lixo para o exercicio 2024.

Toda vez que o prazo de exposición pública do padrón rematou en data 04/04/2024, en data 05/04/2024 asíñase Providencia de alcaldía para que, dende o rexistro municipal, se emitise o correspondente informe sobre a presentación de alegacións.

Dende o rexistro municipal emitiuse informe en data 08/04/2024, e no mesmo faise constar que “comprobado o rexistro Xeral, SEDE e SIR deste Concello durante o período de exposición pública e dende a publicación no BOP, NON se presentou ningunha alegación, reclamación ou observación a este expediente”.

A vista de todo o anterior, esta Alcaldía, en uso das atribucións conferidas polo artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime local,

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobado definitivamente os padróns municipais da Taxa por recollida do lixo comercial e da Taxa por recollida do lixo vivenda para o exercicio 2024 co seguinte contido:

TAXA	IMPORTE PADRÓN	SUXEITOS PASIVOS
Lixo comercial 2024	17.046,88 euros	110
Lixo vivendas 2024	163.365,98 euros	2.566

Segundo.- Reiterar a información de que, por tratarse de tributos por recibo periódico, a publicación deste acordo serve de notificación colectiva aos contribuíntes, tal e como se establece no artigo 102.3 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria.

Terceiro.- Reiterar a información de que, en tanto que a xestión desta taxas foi delegada na Deputación Provincial da Coruña, o período de cobro voluntario destas taxas será o establecido a estes efectos por parte da aquel organismo público no seu calendario fiscal para o exercicio 2024.

Cuarto.- Dar traslado do presente acordo ao Servizo de Xestión e Recadación da Deputación Provincial da Coruña aos efectos de xestionar o cobro das taxas.

Quinto.- Dar traslado do presente acordo aos servizos económicos do Concello de Coristanco para a súa constancia e efectos.”

E para que así conste, aos efectos de cumprir co acordado, remítese ao Boletín Oficial da Provincia para a súa publicación.

Coristanco, 9 de abril de 2024.

O alcalde,

D. Juan Carlos García Pose.

2024/2388